

La familia de Carlos IV

Francisco de Goya y Lucientes. 1800. Óleo sobre lenzo, 280 x 336 cm.
Museo del Prado



É un cadro da segunda etapa do autor, xa convertido en autor da Corte, e cun estilo de influencias neoclásicas.

Goya mostra aos membros da familia real de pé, dispostos en forma de friso como aparecen tamén os personaxes das Meninas, vestidos con luxosas roupaxes de seda e con abundantes xoias e condecoracións.

O pintor pon nestes detalles todos os recursos da súa mestría a fin de representar á familia real en toda a súa dignidade, destacando á vez o carácter bondadoso e sereno do monarca reinante. O que podía ser unha homenaxe a Velázquez servía ao mesmo tempo para enlazar as dinastías austríaca e borbónica, abundando naquela concepción dinástica.

Aparecen ordenadamente todos os membros da familia real con intención de realzar a figura de raíña María Luisa, que ocupa o centro da escena pasando un brazo maternalmente sobre os ombreiros da infanta María Isabel, á vez que leva collido da man ao infante don Francisco de Paula, quen á súa vez lla dá ao rei. Á esquerda sitúanse o futuro Fernando VII suxeitado por detrás polo infante Carlos María Isidro e unha moza elegantemente vestida pero sen rostro, recurso empregado por Goya para representar á futura esposa do príncipe de Asturias cando esta aínda non fora nin sequera elixida. Á dereita, a infanta María Luisa, co seu marido o duque de Parma, leva en brazos ao pequeno infante Carlos Luís. Ocupando o fondo están os irmáns do rei, á esquerda María Josefa de Borbón e á dereita Antonio Pascual, este último xunto a outra figura feminina da que só se ve a cabeza de perfil, que se identificou diversamente como a súa esposa, a infanta María Amalia, falecida dous anos atrás, ou como a filla maior dos reis, a infanta Carlota Joaquina, raíña de Portugal, á que Goya non tivo ocasión de retratar por acharse ausente de España desde facía algúns anos.

O modo como se dispoñen os seus protagonistas, concibiuse cunha intención claramente dinástica. Cunha mensaxe tranquilizador, a raíña preséntase como nai prolífica á vez que, mediante a inclusión prematura da futura princesa de Asturias,


coabraba maior forza a seguridade na descendencia, garantida en calquera caso pola presenza do pequeno en brazos da infanta María Luisa. Poucos anos antes, Luís XVI de Francia fora guillotinado en París e con el parecía extinguirse a rama francesa dos Borbóns. Mais Goya brinda aquí un enfoque diferente, que ben lle puideron impoñer os reis: a Casa de Borbón española é forte, ampla e con numerosos descendentes, destinados a perpetuar o poder da familia.

Con todo, Goya non concibiu un xogo de perspectivas e luces tan complexo como o que se percibe nas Meninas. Coa redución do espazo Goya elimina tamén os elementos barrocos que tiña o cadro velazqueño, co xogo de alusións creado polo reflexo dos reis no espello. Neste sentido resulta unha composición de reminiscencias neoclásicas: sen movemento, ordenada, equilibrada, ríxida, con dominio de verticais e clara. Sen embargo o feito de centrarse no primeiro plano, a súa organización pechada, o xeito no que todo nos dirixe ao centro, xa pouco teñen de clasicismo; tamén a sensación de friso vese atenuada polas distintas estaturas, polos distintos planos e pola distribución en grupos: tres grupos de catro persoas, con dous homes e dúas mulleres en cada grupo. Grupos compactos que con gran habilidade Goya enlaza incluso solapando as figuras para deixar no centro un espazo máis amplo.

A luz, que irrompe desde un único punto situado á esquerda, incide con maior claridade sobre o grupo central, ilumina rostros, produce brillos e destelos nas sedas e nas xoias. A figura máis iluminada é a raíña, que así volve ser o personaxe máis destacado aínda que está uns pasos máis atrás que o rei respectando o protocolo. Ese foco exterior fai emerxer as formas e as cores, arroxa grandes sombras sobre o chan pero as figuras están envoltas nunha especie de néboa dourada que recorda as Meninas. Pola contra no segundo plano a luz atenúase e deixa en clara penumbra a zona na que se sitúa Goya.

En canto á cor, que prima claramente sobre o debuxo, está aplicada en de sutís gradacións destacando sobre todo as cores cálidas dos vermellos e dourados -moi de Tiziano-, e a gama dos pasteis, dos traxes, xoias e condecoracións. No conxunto dáse unha contraposición das gamas cálidas no lado dereito fronte á gama fría do lado esquerdo que veñen a quedar separadas polo branco e dourado dominante no centro nas roupaxes da raíña. Polo medio os toques de vermellos dan vivacidade. Toda a factura responde a unha pincelada moi solta, que se aplica con sabios toques de pincel, herdada de Velázquez e que el converte en case impresionista. Se a composición tiña que ver có neoclasicismo, a factura, en cambio, non lle debe nada. Goya revela a súa mestría en cada detalle do cadro tanto polo dominio formal da luz como pola sutil definición das personalidades, acentuada pola redución das referencias espaciais, subliñándose deste xeito a capacidade do artista de Fuentetodos para analizar aos seus retratados.

Díxose que o cadro non suscitou o entusiasmo da familia real, que esperaba unha pintura máis grandiosa. Con todo, non foi mal acollido. Carlos IV aludía a el castizamente como o retrato «de todos xuntos», e parece que os seus protagonistas víronse fielmente representados e puideron quedar compracidos, como moitos dos personaxes retratados por Goya con igual sinceridade e verismo, pois o pintor dotáballes dunha aparencia vívida e un aire de dignidade e decoro como poucos pintores da época podían alcanzar. De feito, se se comparan os seus retratos con outros contemporáneos, pódese observar que Goya pintounos notablemente favorecidos, tratando de «servir aos seus señores do mellor modo posible». A pesar diso, no pasado viuse no cadro unha crítica de Goya á monarquía, con alusións ao aspecto aburguesado dos protagonistas, que Goya non tería inconveniente en trasladar ao lenzo.



Infanta María Josefa



Infante Carlos María Isidro



Infante Francisco de Paula



Infante Antonio Pascual



Luis de Borbón, príncipe de Parma